Sometido a votación o asunto este resulta por unanimidade dos quince (15) membros presentes, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dña. Patricia Bello Canedo (PP), Dña. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dña. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dña. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dña. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dña. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dña. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG), Dña. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG)

## **7.- SUSPENSION PROCEDIMIENTO DE DESLINDE.**

Dáse conta do ditame emitido pola comisión comision informativa de asuntos xerais celebrada o 21 de setembro do 2021, seguinte:

### **“ANTECEDENTES**

Vista a necesidade de fixar con precisión os límites dos camiños 5034, 5034-1 e P5048 perententes ao Inventario Municipal de Bens – Epígrafe 1º Grupo C – Camiños aprobados polo Pleno do Concello da Laracha o día 25 de marzo de 2015, situados nesta localidade, e de propiedade municipal, ao obxecto de determinar con precisión os lindeiros.

A tal fin elaborouse Memoria e informe polo técnico municipal sobre o deslinde segundo o previsto nos artigos 58 e 59 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, de acordó aos cales o Pleno en sesión de 25 de marzo do 2021 acordou iniciar o procedemento de deslinde coa finalidade de fixar con precisión os límites dos camiños sinalados.

Este acordó foi notificado aos interesados e publicado no Boletín Oficial de Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, con sesenta días de antelación á data na que se procedería ao comezo dos traballos de deslinde.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Tendo en conta o informe técnico emitido o 20/08/2021 motivando a necesidade de ampliación dos prazos “nas distintas alegacións presentadas e a complexidade das mesmas” Ampliouse o prazo inicial exposición do expediente número 2021/X999/000207 relativo ao DESLINDE CAMIÑOS A TABELA en 26 días polos motivos sinalados no informe técnico descritos na parte expositiva do presente acordó.

Con número de rexistro de entrada: 202199900001928 achégase informe técnico as alegacións que conclúe: “Tras el estudio de las alegaciones presentadas, y dado que algunas de ellas (alegación presentada por Eva María Veiga Varela y alegación presentada por José Ignacio Otero González Dans) presentan documentación incompleta y confusa, y bajo el criterio de prudencia CONSIDERO QUE SE DEBE SUSPENDER EL DESLINDE, mientras no se realicen análisis contradictorios o dirimentes propuestos por todos los interesados y propietarios afectados en el deslinde de los tres caminos, por todo ello PROPONGO QUE se debe realizar un procedimiento de investigación”.

Tendo en conta que o artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que o prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución pódese suspender, entre outros supostos,

“e) Cuando deban realizarse pruebas técnicas o análisis contradictorios o dirimentes propuestos por los interesados, durante el tiempo necesario para la incorporación de los resultados al expediente”.

Á vista do cal propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Suspender, de conformidade co artigo 22.1.e da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo para resolver o procedemento EXPEDIENTE DESLINDE CAMIÑOS A TABELA (2021/X999/000207) durante o tempo preciso para a incorporación dos resultados ao expediente.

**SEGUNDO.-** Elaborar os informes e estudos necesarios para determinar se procede o exercicio da potestade investigadora( art 48 RD 1372/1986).”

D. Xoan Manoel Sande Muñiz (BNG) indica que entende que ven motivado polas alegacións aportadas e que esta a favor de investigar os camiños polo que votará a favor.

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras (PSOE) sinala que tamen votarán a favor como manifestou na comisión.

O acordo resulta aprobado por unanimidade dos quince (15) membros presentes, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG), Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

## 8.- MOCIÓNS



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **8.A) MOCIÓN DO PSOE; REFORMULACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO.**

Dase lectura á moción:

“A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema. Esta situación viña sendo central no debate da política sanitaria antes da pandemia, problema que os/as profesionais do sistema sanitario afrontaron con tremenda profesionalidade e capacidade de resolución, sen que iso servira para que as ineficiencias na xestión da primaria fosen afrontados con un novo impulso por parte do goberno de Galicia.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor CCAA de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira CCAA con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90% de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98% (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

A pesar diso, na última década Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo perdendo a oportunidade de xerar maior bolsa de profesionais para nutrir ao sistema. Nos últimos dous anos déronse, sucesivamente, as maiores convocatorias históricas de prazas MIR para todo o Estado e, tamén, para Galicia. Esta convocatoria histórica tamén o foi en termos numéricos para medicina familiar e comunitaria e para a pediatría en atención primaria.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da atención primaria, coa apertura de grupos de traballo en distintas comisións. Non entanto, a concatenación de problemas levou á Consellería a iniciar as reformulacións do modelo de atención primaria que se concretaron a partir deses grupos á vez que, de maneira paralela, encargaba a un grupo de expertos en xestión sanitaria un outro informe de avaliación. Establecéndose dous procesos de maneira simultánea, aínda que por vías distintas, a publicación do informe de resultados do segundo dos grupos tivo lugar cando as supostas medidas do primeiro deles estaban xa executándose, segundo





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

afirmou constantemente a propia Consellería.

A pesares desta confusión provocada polo descontrol na planificación, que resultou nun proceso enlentecido e confuso, os informes publicados poden servir de utilidade para referenciar ideas para a mellora da atención primaria de Galicia. A análise titulada *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* permite concluír un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas polo Goberno de Galicia nos últimos anos. Os expertos en xestión sanitaria que realizan o informe apuntan a numerosos problemas, que poden ser agrupados en grandes temas. A partir destas conclusións, apúntanse notorias deficiencias no sistema, das que se poden destacar:

- Xestión de persoal: área na que se apunta a un problema de saturación de consultas, necesidade de máis profesionais e da convocatoria anual de prazas, mellora das condicións laborais ou dotar de calidade á contratación eventual.
- Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais: área na que se formula a clarificación de funcións dos profesionais, hoxe confusas, incorporando máis profesionais que permitan diversificar e especificar tarefas, ademais de permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.
- Planificación da estrutura de funcionamento: que apunta a unha descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximo nivel e non controlados de maneira tan ríxida polas xerencias das EOXI, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria.
- Implementación de formación e investigación: temática na que se demanda unha maior formación e dotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.

Estas conclusións, en resume do conxunto da avaliación realizada, apunta ás eivas do sistema derivadas dunha política negacionista da realidade que se ven dando nos últimos anos por parte da Consellería de Sanidade, que negouse sistematicamente a afrontar estas realidades que viñan sendo apuntadas por distintos colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un gran número de propostas alineadas con estas conclusións emitidas viñeron sendo sometidas a debate e votación parlamentaria nos últimos anos, recibindo sempre o rexeitamento e negación por parte do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.

Polo exposto, sometemos a consideración do Pleno as seguintes propostas:

O Concello da Laracha insta a Xunta de Galicia a iniciar antes do fin de 2021 unha real e decidida reformulación de atención primaria que se fundamente nas seguintes liñas estratéxicas:

**1. Persoal:**

- Coa incorporación ao sistema de atención primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte.



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

- Coa mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do Sergas que son contratados de maneira descontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais dotándoos de maior estabilidade.

### 2. Estrutura de xestión:

- Implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

### 3. Coordinación de servizos:

- Fomentando a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundar máis no que pode aportar cada unha delas.
- Promovendo a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.
- Ampliando a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.”

Sometido a urxencia do asunto a votación resulta aprobado por **unanimidade dos quince (15) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

O voceiro do grupo do PP, D. José Ramón Martínez Barbeito, da lectura a seguinte emenda de substitución:

“PROPONSE:

REFORMULAR A MOCION, QUEDANDO DA SEGUINTE MANEIRA

*1. Instar á Xunta de Galicia a iniciar, antes do fin de 2021, unha reformulación real da atención primaria coa incorporación progresiva de un maior número de profesionais de especialidades, a maiores do eixo médico/a–enfermeiro/a, incluíndo a posibilidade de incorporar máis*



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

*especialidades.*

*2. Instar á Xunta de Galicia a mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do Sergas que son contratados de maneira descontínua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais dotándoos de maior estabilidade.*

*3. Instar á Xunta de Galicia á coordinación de servizos, fomentando a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundar no que poden.*

*4 Instar á Xunta de Galicia a ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.”*

D. Xoan Manoel Sande Muñiz indica que con respecto a emenda de acordo co PSOE no incremento do servizo e saúde mental que é preciso, tamén con consultas en horario de tarde, o cal é moi importante na Laracha. Non votamos a favor da emenda porque eliminar unha das principais reivindicacións da atención primaria: a xerencia de atención primaria.

Sometida a moción enmendada a votación obtén 13 votos a favor D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), e dúas abstencións de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG)

O sr. Alcalde toma a palabra indicando que falando co corazón todas as melloras que se poidan facer benvidas sexan, que todas as melloras que propoñen os grupos políticos e os veciños que se puidesen incorporar...pero que hai descontento veciñal nese campo. Conclúe que os traballadores da sanidade teñen que facer como o resto de traballadores do país.

## **8.2) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A REBAIXA DO PREZO DA LUZ**

Dáse lectura á moción:

“Nas primeiras semanas do ano 2021 o sistema eléctrico experimentou un encarecemento substancial dos prezos, acadando niveis por riba dos 90€/MWh, que supoñían xa daquela máximos históricos, co conseguinte impacto negativo na factura eléctrica de familias, pemes e autónomos.

Neste contexto, o pasado 1 de xuño entraba en vigor o novo modelo de factura eléctrica para os case 11 millóns de consumidores españois acoñados ao PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor). Daquela o *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico* animaba aos consumidores a trasladar o consumo de enerxía eléctrica das horas punta aos tramos chan e val (os de menor demanda). Este cambio nos hábitos de consumo redundaría en “*menores custos para*



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

os consumidores” e “*un maior aforro na factura*”, tal e como se recolle na nota de prensa do Ministerio do pasado 5 de maio.

Nada máis lonxe da realidade. Son moitos os días nos que os medios de comunicación nos trasladan prezos récord consecutivos da luz. En xullo o prezo medio no mercado maiorista acadou os 92,42€/MWh, en agosto, 105,94 e o pasado 16 de setembro 188,18€/MWh, cuadriplica o valor que marcou durante o terceiro xoves de setembro de 2020 (47,11 euros).

A esta subida desbocada do megavatio hora, hai que engadir que en España menos dun 40% da factura da luz depende do prezo da electricidade e do mercado. O resto, débese aos custos regulatorios derivados da xestión política (por exemplo, subvencións ás renovables ou ao carbón ou o déficit de tarifa, entre outras) e aos impostos (o Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica ou o IVE, entre outros).

Polo tanto, unha das vías máis inmediatas para reducir a factura da luz é a rebaixa dos impostos e custos que gravan a electricidade, desenvolvendo medidas estruturais que afronten unha verdadeira reforma do sistema eléctrico. Sen embargo, mentres as familias, pemes, autónomos e todo o tecido empresarial galego - é especialmente a industria electrointensiva-, están moi preocupados por estas subidas descontroladas do prezo da luz, as medidas aprobadas polo goberno de España, non só chegan tarde, senón que son insuficientes e nacen desde a improvisación

Por outra banda, a partida de gasto prevista nos orzamentos municipais non abundará para fronte a estes incrementos do prezo da luz, cando as prioridades de gasto deberían encamiñadas a atender as necesidades dos nosos veciños.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de A Laracha, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

1º- O concello de A Laracha insta ao Goberno de España a rebaixar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7% ao 0%, modificando a Lei 15/2012, de 27 de decembro de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

2º.- O concello de A Laracha insta ao goberno de España a modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

3º O concello de A Laracha insta ao goberno de España a modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%.

4º Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres, no que a tarifa é máis barata, vai desde as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

5.- Ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequenos Consumidor (PVPC) ata potencias que iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico”.

O sr. Alcalde indica que se solicitou ao Instituto Galego de Consumo a charla sobre o consumo da luz, sinala que foi moi dinámica e participativa e chegaronse a conclusións sobre cómo aforrar ou cómo reclamar contra a factura da luz.

D. Xoan Manoel Sande Muñiz manifesta que xa presentaron no anterior pleno unha proposta coa rebaixa ao 4% do IVE e reivindicando as especiais condicións de Galicia en canto ao excedente de enerxía eléctrica como se fai en outros países da Unión Europea onde se obtén neses territorios unha tarificación máis beneficiosa.

Contesta o Sr Aclade que a xustificación do excedente co peche de As Pontes e Meirama o pon en duda...pero o que non o ten e o baleirado dos embalses solo para beneficio económico.

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras sinala que xa rexistraron unha pregunta, que non puideron acudir a charla por motivos laborais e que lle gustaría lle trasladasen as conclusións da charla.

Sometido a urxencia do asunto a votación resulta aprobado por **maioría de trece (13) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) e dúas abstencións: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE),

Sometido o asunto a votación obtén **trece (13) votos a favor dos membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) e dúas abstencións: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE).

### **8.3) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CONTRA A ORDE MINISTERIAL DE INCLUSION DO LOBO NO LISTADO DE ESPECIES EN RÉXIME DE PROTECCION ESPECIAL**

Dáse lectura da moción:

“O día 21 de setembro saíu publicada no BOE a Orde Ministerial pola que o lobo pasa a estar incluído no listado de especies en réxime de protección especial, o listado LESPRES.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Esta inclusión ven a supoñer na práctica que a partires de agora, o lobo deixe de ter a consideración de especie cinexética, polo que o seu control queda prohibido.

A consecuencia non é outra que cando se produzan danos, aínda que estean constatados, non se poderá autorizar ningún tipo de batida, espera ou acción de control similar.

Por outra banda, esta inclusión determina que o Plan de xestión do lobo de Galicia, deixa de estar en vigor, así como as axudas de prevención e danos que estaban contempladas no mesmo.

En todo caso e, tal como sinala e establece a Orde Ministerial, para que os gandeiros poidan ter dereito a algún tipo de axudas, deberán contar cun plan de prevención axustado ás medidas establecidas polo propio Ministerio de Transición Ecolóxica. Medidas incluídas nun catálogo tanto para o bovino como para o caprino e ovino, que fan na práctica inviables a meirande maioría das explotacións galegas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de A Laracha, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

- O pleno do concello de A Laracha insta a Xunta de Galicia a interpoñer os recursos correspondentes ante os Tribunais aos efectos de que se anule a Orde Ministerial pola que se inclúe ao lobo no listado Lespre.

- O pleno do concello de A Laracha insta ao Ministerio para a Transición Ecolóxica a que habilite axudas para subvencionar aos gandeiros a adopción das medidas de prevención establecidas no Catálogo aprobado por este Ministerio.

- O pleno do concello de A Laracha insta ao Ministerio de Agricultura para que habilite axudas para paliar os danos que causen os lobos.”

D. Xoan Manoel Sande Muñiz mostra a súa disconformidade pois a situación do lobo, sinala, precisa protección, sen perxuízo de axudas da Xunta ou do Estado.

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras sinala que se van abster xa que están de acordó co punto primeiro pero no co segundo e terceiro.

Sometido a urxencia do asunto a votación resulta aprobado por **unanimidade dos quince (15) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

O sr. Alcalde sinala que é preciso regulalo que Galicia, Castela-León, Asturias ou Cantabria teñen problemas.

Sometido o asunto a votación obtén once (11) votos a favor dos membros presentes, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), (BNG), dúas abstencións: Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE) e Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE) dous votos en contra de: D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón.

## **9. ROGOS E PREGUNTAS.**

**ROGOS: Non hai**

**PREGUNTAS:**

### **A) PREGUNTA DO BNG:**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

No mes de novembro do pasado ano 2020 anunciábase desde o goberno municipal o inicio dos traballos de eliminación do plumacho, planta invasora que se atopa por moitos lugares do noso concello e por todo o país. Desde o grupo municipal do BNG xa presentáramos unha iniciativa no mes de setembro do ano 2017 demandando a posta en marcha dun plan para a erradicación desta planta invasora do noso concello.

É por isto polo que desde o Grupo Municipal do BNG formulamos a seguinte

#### **PREGUNTA:**

**Cal é o estado de execución do plan para a erradicación do plumacho, en que zonas foi eliminado e canto queda por erradicar tanto en terreos públicos como privados? Tense falado cos propietarios de terreos onde existe esta planta invasora para conciencialos da necesidade da súa eliminación?**

O sr alcalde sinala que estase actuando co persoal do Concello para que non se extenda, tendo en conta o tempo e o persoal do que dispón o Concello.

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP) manifesta que hai zonas de moi difícil acceso así como zonas privadas.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**B) PREGUNTA DO PSOE: ACTUACIÓNS CENTROS EDUCATIVOS**

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras lee a seguinte pregunta:

*“Puidemos saber por distintos medios de comunicación que o delegado territorial da Xunta de Galicia estivo a visitar nos últimos días varios centros educativos da Costa da Morte.*

*É a través destes medios no que soubemos que estivo a visitar o CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco, acompañado do alcalde.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista PREGUNTA:*

*Podería informarnos o Sr. alcalde das actuacións que se van realizar nos centros educativos?”*

O sr alcade sinala que toda a información xa saiu nos medios de comunicación: desmontouse a cuberta, actuación de 170.000€ cambio de fiestras e fachadas.

**C) PREGUNTA DO PSOE: PESCA RECREATIVA DE CAIÓN.**

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras lee a seguinte pregunta:

O 6 de agosto do presente ano o Diario Oficial de Galicia publicaba unha resolución do 26 de xullo no que se contemplaba o levantamento da prohibición da práctica das pesca marítima de recreo en superficie en zonas de servizo portuarias, e indicábanse certas normas e criterios a seguir, así como unha limitación de zonas autorizadas e non autorizadas. Esta limitación inclúe prohibición en moitos espazos que son de uso habitual e que, de maneira cotiá, véñense usando durante tempo sen provocar problema ningún e en convivencia normalizada cos usos portuarios.

Así mesmo algunha restrición que inclúe a normativa é o número de persoas menores de idade que poden estar ao cargo dunha persoa adulta e os espazos de distancia entre pescadores que permitan unha distribución racional e facilitadora para todas as persoas.

No caso de Caión a clasificación aos efectos de autorizar a realización da pesca marítima de recreo en superficie é de permitido (tramificado), é dicir, porto con actividade portuaria intensiva nos que se permite a práctica da pesca marítima de recreo en superficie en determinadas zonas sinalizadas.

Axúntase o plano onde se fai referencia ao porto de Caión.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña


Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)



Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista PREGUNTA:

Que opinión lle merece ao Sr. alcalde a modificación da normativa? En que medida lle afecta esta normativa ao porto de Caión?

O sr alcalde responde que, dende a sensatez, cando non haxa interferencia entre barcos e pescadores...pero como os houbo no porto de Malpica a Xunta regulou buscando unha solución intermedia entre ambos permitindo a pesca deportiva...se ben as zonas habilitadas non son as mais idóneas para pesca. Engade que, como alcalde, gustaríalle a plena convivencia de embarcacións de recreo coa dos pescadores, que sería algo bo...gustaría lle que se ampliase algo máis sempre que non houberese conflito, porque si o houberese terían que actuar as forzas de seguridade e aplicar a normativa en beneficio de quen corresponda.

#### **D) PREGUNTA DO PSOE: ORDENANZA PRAIA DE CAIÓN.**

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras lee a seguinte pregunta:

“No mes de agosto o Goberno local informou a través da súa páxina a seguinte nota informativa que afectaba a praia de Caión:

“Para garantir a seguridade dos bañistas a práctica do surf na praia de Caión estará prohibida na temporada de verán durante as horas de maior afluencia de persoas ao areal.

Vulnerar as instrucións a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou do persoal de salvamento e socorrismo suporá o abandono inmediato da zona sen prexuízo da imposición de sancións previstas na ordenanza municipal de promoción de condutas cívicas.”



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

A actividade acuática-deportiva quedaba vedada durante as horas de maior aglomeración de persoas con pleamar.

Esta decisión municipal adoptouse coa finalidade de garantir a seguridade e despois de que se detectase a afluencia dun volume de surfistas en hora punta e con marea alta, o que derivou en situacións de risco e perigo para as persoas bañistas que compartían espazo con eles.

A praia de Caión é unha das máis empregadas polas persoas amantes dos deportes náuticos, en especial do surf.”

O sr alcaLde contesta que non hai problemas coa escola senón cos surfistas que van por libre, polo que precisa regulación, sen estar nin moito menos contra o surf, pero hai que dar prioridade aos bañistas e darlle potestade aos socorristas para actuar .É preciso convivencia, pero non poden os surfistas desobedecer a socorristas e/ou policía local

## **REMATE DA SESIÓN.-**

Non sendo outro o obxeto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14:15 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretario, dou fé.

O Secretario,

O Sr. Alcalde-presidente,